

XULLO

XOV 4 | NIAGARA

VEN 5 | ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

SAB 6 | MVNICH

XOV 11 | SCOTT & CHARLENE'S WEDDING

SAB 13 | ALONSO CAXADE

XOV 18 | DANIEL MINIMALIA

VEN 19 | ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

SAB 20 | MAMA BOOGIE

SAB27 | ALBERTO SAN JUAN E EGOZCUE

AGOSTO

XOV 1 | DR. GRINGO

VEN 2 | BRUNA

SAB 3 | MEL DE MEIGA

XOV 8 | PAPÁ TOPO

VEN 9 | BEACON

SAB 10 | ORQUESTRA OS MODERNOS

XOV 15 | TACHENKO

VEN 16 | ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

SAB 17 | THE LADIES

XOV 22 | **XUVENTUDE CREA:** NAGAI +
XENDERAL + MÁQUINA DE METER MEDO

XOV 29 | LA NEGRA

VEN 30 | ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

SAB 31 | FANFARLO

ATARDECER NO GAIÁS

Este verán desexarás que se poña o sol. O ciclo "Atardecer no Gaiás" volve na súa terceira edición para poñerlle música, ritmo e poesía aos atardeceres composteláns. A praza exterior da Cidade da Cultura é, de novo, o espazo elixido para crear atmosferas cautivadoras no momento máxico do luscofusco.

Cun amplo e variado programa de actuacións, "Atardecer no Gaiás" aposta por fusionar a música clásica, a tradicional, o pop e o rock, o jazz, a electrónica, o funk, a poesía e propostas vangardistas. Do 4 de xullo ata o 31 de agosto, a praza exterior acollerá 25 actuacións que amenizarán os atardeceres dos xoves, venres e sábados con espectáculos de pequeno formato.

A estrea será o xoves 4 de xullo co electro pop de Niágara e rematará o 31 de agosto cun gran concerto final a cargo de Fanfarlo, unha das grandes revelacións musicais do último lustro. Entre mentres, o Gaiás acollerá as máis diferentes voces e ritmos con espectáculos que van desde o post punk de Munich á clásica da Orquestra de Cámara Galega, a poesía con Alberto San Juan, o rockabilly do Doctor Gringo ou a electrónica de BRUNA.

ATARDECER NO
GAIÁS
DESEXARÁS QUE
SE POÑA O SOL

XULLO / AGOSTO

MÚSICA POP | CLÁSICA | JAZZ | DJ'S | RECITAIS
XOVES, VENRES E SÁBADOS | 21.00 H.

BUS: Liñas 9 e C11
Último bus desde a CdC ás 22.45 h.

GAIÁS - Cidade da Cultura
Santiago de Compostela
ciudadedacultura.org

**ENTRADA
GRATUITA**



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

ATARDECER NO
GAIÁS
DESEXARÁS QUE
SE POÑA O SOL



XULLO

X4 NIAGARA

Electropop, Italia | Tras o suxectivo sobrenome de Niagara, os turineses David Tomas e Gabriele Ottino derrochan un talento melódico e unha frescura fóra do común cunha proposta que combina con bo gusto e saer facer o pop, a electrónica e a psicodelia.

V5 ORQUESTA DE CÁMARA GALEGA

Clásica, Galicia | Miniciclo de catro concertos de Orquestra e Música de Cámara. **Schubertiada:** obras de cámara e para grupo instrumental dos compositores Schubert e Mozart.

S6 MVNICH

Post-punk, Galicia | Tras coquetear con sons escuros e contundentes, a banda viguesa Mvnich chega ao Gaiás para ofrecer en directo os temas do seu primeiro disco "Ina", unha combinación de sons levados ao límite baixo un patrón de emotividade e funcionalismo abismais.

X11 SCOTT & CHARLENE'S WEDDING

Indie, Australia | Imprescindibles da escena musical neiorquina, esta banda australiana afinada en EEUU aterran en Santiago de Compostela co seu garage punk desordenado que, casualmente, resulta altamente adictivo para quen o escoita.

S13 ALONSO CAXADE

Folk-indie, Galicia | Alonso Caxade -acordeonista en Pel de Noz, Cuarteto Caramuxo e bombardinista na Orquestra Os Modernos- trae á Cidade da Cultura o seu proxecto personal, dotado dun ton elegante, modesto e sinxelo, onde se liga a música e a imaxe.

X18 DANIEL MINIMALIA

Guitarra, Galicia | O ourensán Daniel Minimalia presenta Cuentos Sonoros, traballo ecléctico que transita por xéneros que van desde o clásico ao new age, a música étnica, pop ou rock sinfónico nun directo diferente que introducirá ao público na súa fantasía sonora.

V19 ORQUESTA DE CÁMARA GALEGA

Un atardecer no atlántico: repaso a obras e compositores relacionados co Atlántico.

S20 MAMA BOOGIE

Jazz, Galicia | Mama Boggie desembarca na praza central do Gaiás coa súa mestura de jazz, soul e funk. Tres cantantes e sete músicos que revolucionarán este ciclo cunha proposta onde a diversión e esencia e forza da música negra son os protagonistas.

S27 ALBERTO SAN JUAN E EGOZCUE

Poesía e música, España | A voz de Alberto San Juan e a guitarra de Fernando Egozcue protagonizan este percorrido sentimental, filosófico, humorístico e social pola poesía española do XX con versos de Salinas, Cernuda, Gil de Biedma ou Ángel González.

AGOSTO

X1 DR. GRINGO

Rockabilly, Galicia | Reis do rockabilly compostelán, ofrecerán un dos seus xa clásicos directos potentes. Unha mestura do rockabilly dos 50 co psycho dos 80 e 90 perfecta para comezar a noite.

V26 RUNA

Electrónica, España | A nova sensación da electrónica nacional, deixará unha boa dose da súa orfebrería musical e ofrecerá un directo inolvidable co que facernos bailar coa súa música.

S3 MEL DE MEIGA

Tradicional, Galicia | Nova formación folk fundada por dous excompañentes de Mutenrohi: Carlos Campo e Iván Salgado, presentará "Crecente", melodías e ritmos celtas mesturado coa tradición galega.

X8 PAPÁ TOPO

Pop, España | Son o fenómeno do pop español. Sen ter cumprido a maioría de idade, tráenos melodías hiper-pegadizas, a medio camiño entre a urxencia de Helen Love e a inmediatez de La Casa Azul.

V9 BEACON

Electrónica, U.S.A. | O dúo de Brooklyn estréase en Galicia co disco *The Ways We Separate*, que recorda aos mellores traballos R&B mesturado cunha ampla gama de música electrónica e pop meloso.

S10 ORQUESTA OS MODERNOS

Tradicional, Galicia | A praza central do Gaiás converterase nun auténtico campo da festa, cun repertorio renovado de bailes que vai desde o fox-trot á rumba, a habanera, o bolero e a muiñeira.

X15 TACHENKO

Pop, España | Un dos grupos pop máis divertidos do panorama actual, Tachenko, estarán en Atardecer no Gaiás en formato acústico, con Sergio Vinadé e Sebas Puente presentando *El amor y las mayorías*.

V16 ORQUESTA DE CÁMARA GALEGA

Un atardecer ibérico

S17 THE LADIES

R'n'R, España | Lady Cherry e as súas mozas repararán os grandes éxitos dos 50 e 60 de artistas da talla de Elvis, Jerry Lee Lewis, Little Richard ou The Beach Boys, ademais dos temas do seu primeiro disco.

X22 XUVENTUDE CREA: NAGAI + XENDERAL + MAQUINA DE METER MEDO

X29 LA NEGRA

Flamenco Fusión, España | Amparo Velasco, 'La Negra', encherá o Gaiás con cancións con ritmos flamencos, boleros, bossa nova, sempre cun estilo único e un timbre de voz inconfundible.

V30 ORQUESTA DE CÁMARA GALEGA

Un atardecer con Vivaldi

S31 FANFARLO

Indie-folk, U.K. | Unha das revelacións musicais do último lustro, poralle o broche de ouro a este Atardecer no Gaiás, onde interpretarán os temas do seu segundo disco *Rooms Filled With Light*, unha das grandes obras do folk pop de 2012.